# Fina Casalderrey: "Reconstruín un pasado literario para reivindicar a muller xabaril"

**A editorial Xerais publica a primeira novela para adultos de Fina Casalderrey, que acaba de ser candidata ao premio Andersen**

***A muller xabaril* aborda a crueldade da sociedade a través da figura dunha muller culta pero excluída**

**Fina Casalderrey recibirá en xuño en Pontevedra a homenaxe Escritora na súa terra da AELG**

**https://www.g24.gal/-/-fina-casalderrey?fbclid=IwAR1cTHK5aJYUztSQpcW_1uTNe6C4vQPrsxIIKFEZPYYi5MJoj-n3FB7-Iuw**

G24.gal 09/04/2023 11:30

En Pontevedra, na aldea de Santa María de Xeve, vivía a Xabarina. Unha muller de principios de século, alta, culta que se botou ao monte, entolecida, durmindo ao raso, vítima das mofas e o escarnio de moitos. A Xabarina tiña unha triste historia detrás, a historia que novelou Fina Casalderrey na que é a súa primeira novela para adultos.